

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAURO OLMO
CURSO: 4º ESO
MATERIA: ECONOMÍA
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
PROFESOR: MARI CARMEN ESTÉVEZ GONZÁLEZ
DATA: 12 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles tratados na PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN e que son tomados en conta para deseñar as actividades de RECUPERACIÓN realizadas no TERCEIRO TRIMESTRE

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.Explicar a Economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.	1.1 Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda economía e comprende que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias
2.Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.	2.1 Diferenza entre Economía positiva e Economía normativa, microeconomía e macroeconomía
3. Analizar as características principais do proceso produtivo	3.1 Indica os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
	3.2 Identifica os diferentes sectores económicos, así como os seus retos e oportunidades.
4. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.	4.1 Representa e analiza gráficamente o custo de oportunidade mediante a Fronteira de Posibilidades de Producción
5.Tomar conciencia dos principios básicos da Economía para aplicar nas relacións económicas básicas e cos condicionantes de recursos e necesidades.	5.1 Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas, representa e interpreta o modelo de oferta e demanda e o modelo fluxo circular da renda

6. Analizar as características principais do proceso produtivo.	6.1 Indica os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
7. Determinar para un caso sinxelo a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	7.1 Diferencia os ingresos e custos xerais dunha empresa e identifica o seu beneficio ou perda, aplicando razoamentos matemáticos para a interpretación de resultados
8. Describir os diferentes tipos de empresas e formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como as interrelacións das empresas a súa contorna inmediata.	8.1 Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias requiridas de capital para a súa constitución e responsabilidades legais para cada tipo
9. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigacións fiscais.	9.1 Identifica as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.
10. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os diferentes tipos de ingresos e gastos, controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	10.1 Elabora e realiza un seguimento a un orzamento ou plan financeiro personalizado, identificando cada un dos ingresos e gastos.
11. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos.	11.1 Analiza as características das distintas inversións en canto a rentabilidade, risco e liquidez
12. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	12.1 Identifica e diferencia os diferentes tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas diferentes etapas da vida
13. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os diferentes tipos de contas bancarias e de títulos emitidos como	13.1 Identifica as funcións do diñeiro e os distintos títulos utilizados como medios de pago

medios de pago valorando a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade	
	13.2 Distingue o uso das distintas contas bancarias

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles tratados na TERCEIRA AVALIACIÓN nas ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN DE CONTIDOS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.Diferenciar as magnitudes de tipos de interese, inflación e desemprego, así como analizar as relacións existentes entre elas.	1.1 Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais
	1.2 Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da Economía.
	1.3 Analiza os diferentes tipos de desemprego e as súas consecuencias económicas e sociais.
2.Valorar diferentes opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego	2.1 Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
	2.2 Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.
3.Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado así como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución.	3.1 Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado así como as principais áreas dos gastos do Estado e comenta as súas relacións
4.Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	4.1 Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.
5.Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	5.1 Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

3. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedemento</p> <p>-Comunicouse ós alumnos con avaliacións suspensas que para recuperar deben entregar as actividades que o profesor sinala. Estas actividades remitiranse de forma telemática .No caso de que se volvese ás aulas podería realizarse a maiores un cuestionario no centro de forma presencial. Informouse aos alumnos que deben obter como mínimo unha nota de 6,5 para superar as actividades de recuperación, xa que dispoñen de todo o material a súa disposición para realizar as actividades nas súas casas.</p> <p>-Para aqueles alumnos coa primeira e segunda avaliación superadas as actividades deseñadas para o terceiro trimestre serán tidas sempre en conta de modo positivo. Serán realizadas de modo telemática</p> <p>Para o traballo telemática Utilizouse un BLOG , a plataforma CLASSROOM , explicacións gravadas das clases mediante LOOM e os EMAIL dos alumnos.</p>
Cualificación final	<p>Instrumentos:</p> <p>Como instrumentos de avaliación vaise a usar as <u>actividades realizadas</u> e remitidas polos alumnos e o <u>seguimento e comunicación do alumno co profesor</u> a través dos medios telemáticos citados no punto anterior</p> <p>a) Alumnos con algunha avaliación suspensa</p> <p>Os alumnos deben entregar as actividades de recuperación requiridas en prazo. A cualificación mínima que deben obter nas actividades de recuperación, para considerarse superadas é de un 6,5, xa que dispoñen de todo o material para a súa realización, nos seus domicilios (libros, apuntes...). As actividades consisten en problemas e cuestións cortas de razoamento similares ás traballadas de forma presencial no centro durante as dúas primeiras avaliacións.</p> <p>A nota máxima dunha avaliación recuperada por este método extraordinario será un 6, poderán subir esta nota, facendo actividades de ampliación.</p> <p>b) Alumnos que tiñan aprobada a primeira e a segunda avaliación: As actividades de AMPLIACIÓN que se veñen realizando con estes alumnos,</p>

	<p>serán avaliadas de forma sempre positiva no caso de ser entregadas. Estas actividades consisten en cuestións teóricas de razoamento sinxelo, problemas ,comentarios periodísticos de noticias económicas</p> <p>c) Procedemento para obter a cualificación final:</p> <p>A Cualificación final do módulo obterase como a media das cualificacións da primeira e da segunda avaliación, sempre que estean superadas.</p> <p>A esta media poderáselle sumar ate un 1,5 puntos en función das actividades e o traballo de AMPLIACIÓN, REFORZO E REPASO , realizado durante o terceiro trimestre</p> <p><i>+0,5 puntos: para aqueles alumnos que fixeron polo menos algunhas actividades de ampliación, aínda que as veces non entregaron en prazo e non estiveron moi activos no seu contacto co profesor</i></p> <p><i>+1 puntos: para aqueles alumnos que fixeron case todas as actividades de ampliación, repaso ou reforzo, plantexadas durante o terceiro trimestre, case sempre en prazo e a súa interacción co profesor foi media</i></p> <p><i>+1.5 puntos: para aqueles alumnos que fixeron sempre todas as actividades de ampliación, repaso ou reforzo plantexadas durante o terceiro trimestre, entregando sempre en prazo e o seguimento da materia foi activa estando en continuo contacto co profesor</i></p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>A proba extraordinaria de setembro terá en conta os estándares traballados na primeira e na segunda avaliación, e realizarase mediante unha proba escrita no centro ,e de non ser posible a través de medios telemáticos. A proba escrita incluíra problemas e cuestións de razoamento</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos con Economía de 4º ESO pendentes</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p>

	Procedementos e instrumentos de avaliación:
--	---

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre indicouse aos alumnos que o prioritario sería realizar as actividades de RECUPERACIÓN, centradas nos estándares de aprendizaxe traballados na primeira e segunda avaliación.</p> <p>Para aqueles alumnos coas avaliacións superadas optouse por actividades de AMPLIACIÓN de novos contidos. Ós alumnos que teñen que recuperar tamén se lles ofreceu a posibilidade , de unha vez rematadas as tarefas de recuperación incorporarse ás actividades de AMPLIACIÓN. Tomouse a decisión de a partir da última semana de maio, ,centrarse xa unicamente en actividades de REPASO E REFORZO e non avanzar ningún contido novo .</p> <p>As actividades de AMPLIACIÓN, baséanse en teoría sinxela do libro, complementadas con gravacións e presentacións con audio polo profesor. Son valoradas sempre de forma positiva para o alumno que as realice.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Ao longo do terceiro trimestre deixase de utilizar o BLOG que foi usado nas primeiras semanas e pásase a utilizar a aula virtual CLASSROOM co fin de gañar en organización, e familiarizar aos alumnos con distintas plataformas de educación on line, tamén se gravan clases na plataforma LOOM para que os alumnos as poidan escoitar en calquera momento. Dáselles aos alumnos a posibilidade de utilizar o libro en formato dixital, a editorial permite o seu uso en aberto . De forma complementaria tamén se usa a comunicación vía EMAIL. Case todos os alumnos están conectados as clases de forma telemática aínda que</p>

	con distinto seguimento, informouse ao titor de aqueles alumnos sen conexión
Materiais e recursos	Recursos: CLASSROOM, LOOM, EMAIL Materiais: libro dixital, vídeos youtube, clases gravadas polo profesor,

5. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O profesor informou aos alumnos das cuestións anteriores por e-mail, según se foi recibindo información por parte da Consellería
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.